

Programa de Acción Educativa “O Lixo desde o teu concello”



Memoria do Programa- Convenio 2022
ADEGA- Mancomunidade da Serra do
Barbanza



ÍNDICE

Introdución.....	2
Obxectivos.....	3
Actividades do programa de EA.....	4-6
Difusión.....	7
Entidades participantes.....	7
• Centros de ensino.....	7-8
• Concellos e outras entidades.....	8
Caracterización das actividades.....	9
• Tipo de actividades.....	9
• Actividades por concellos.....	10
Avaliación do programa de actividades.....	10
• Primeira parte.....	11-12
• Segunda parte.....	12-14
• Terceira parte.....	15
Conclusións.....	16
Equipa de traballo.....	17
Anexos.....	18-34

1.Introdución

Dende ADEGA lévanse realizando dende hai 18 anos o Programa de Acción Educativa “**O lixo desde o teu Concello**”, dirixido a entidades e centros de ensino que pertencen a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, isto e grazas ao convenio asinado entres a empresa FCC (*Fomento de Construcións y Contratas*) e ADEGA.

Un programa de educación que nos permite incidir na importancia da separación dos residuos en orixe para poder ser tratados posteriormente. Os concellos destinatarios de este programa son os pertencentes a Mancomunidade do Barbanza.

A educación da cidadanía é imprescindible para poder ter unha xestión efectiva do lixo. Permite valorar o traballo da veciñanza e a importancia da súa colaboración para acadar unha xestión do lixo eficaz e eficiente, e facilitando o tratamento posterior no **Complexo medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos e asimilables** da Mancomunidade.

No 2022 realizáronse un total de **66** actividades (charla + obradoiro). Despois da ADENDA Nº 2012/632.160.002 na cal se reduciu o número de actividades do convenio pasando de 125 a 63 actividades.

O calendario de actividades elaborouse conforme foron chegando as solicitudes dende o mes de xaneiro, incluso algunhas xa foran solicitadas o ano anterior.

É habitual que cada entidade, ben sexan centros de ensino, concellos ou asociacións, soliciten máis dunha actividade. Tentamos que ningunha solicitude quedara sen resposta dando así cabida a un maior número de entidades e a un reparto equitativo entre os diferentes concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza (Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois).

2. Obxectivos

O obxectivo do programa “O lixo desde o teu concello” é a de fomentar a **redución, reutilización e reciclaxe dos residuos (os 3R)** da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza a través de actividades de educación ambiental impartidas en centros de ensino, concellos e outras entidades.

Como obxectivos específicos salientamos:

- 1) Dar a coñecer a problemática dos residuos.
- 2) Fomentar actitudes de respecto e coidado do entorno.
- 3) Promover, en diversos ámbitos (centros de ensino, asociacións...) a toma de conciencia dos problemas medioambientais.
- 4) Desenvolver un espírito crítico fronte aos problemas que ocasiona o consumo de produtos con exceso de embalaxes, dun só uso, ou que precisen dun longo transporte dende o lugar onde se producen.
- 5) Expoñer outro tipo de consumo que respecte a estratexia dos tres R (redución, reutilización e reciclaxe).
- 6) Facilitar o coñecemento do funcionamento dos servizos e técnicas que se aplican na xestión dos R.S.U. na Mancomunidade da Serra do Barbanza.
- 7) Recordar a importancia de realizar unha boa xestión de residuos e acadar o 50% que marca a Unión Europea.

3.Actividades do programa de educación ambiental

As actividades de educación ambiental foron divididas en 10 bloques temáticos nos abordamos diferentes temáticas sobre o residuos:

1. Ecoauditoría de residuos

Neste obradoiro os participantes convértense nos inspectores do lixo. Este obradoiro dividise en dúas sesións : unha inspección do centro de ensino, centro socio cultural... e outra será unha valoración dos resultados xunto con propostas de resolución dos problemas atopados. Cos planos previos subministrados polo centro a equipa de educación ambiental divide o público participante en grupos para que inspeccionen o centro e tomen datos; esta sesión leva un total de dúas horas. Unha vez recompilada a información obtida da inspección a equipa de educación ambiental fai un resumo da situación actual xuntando toda a información de todos os grupos. A información levase de novo a aula, para entre todos facer propostas de mellora e resolución dos problemas; o público participante propón unha serie de melloras e accións que se deben implantar no centro. A dirección do centro recibe un informe coas conclusións do estudo.

2. Reciclaxe de papel

Cuns xornais vellos e auga fábricase papel novo, demostrando que a reciclaxe é viable se colaboramos e separamos axeitadamente os residuos. No obradoiro faise fincapé da reciclaxe para os bosques, a auga e a enerxía.

3. Fabricando cousas novas con residuos

Obradoiro onde amosas como darlle unha segunda vida a residuos que ían rematar no lixo. Adaptamos este obradoiro segundo as necesidades das entidades solicitantes, facendo adornos de Nadal en Nadal, carautas en Entroido,.....

4. Substituíndo tóxicos no fogar

Neste obradoiro damos a coñecer a composición química de moitos dos produtos que utilizamos diariamente na nosa vida. Vemos que a maioría teñen compoñentes tóxicos que poden ser prexudiciais para a nosa saúde e nin o sabíamos. Neste obradoiro ofrecemos alternativas ecolóxicas a eses produtos tóxicos fabricando o mesmo produto no obradoiro.

5. Xogos do lixo

Obradoiro dirixido os máis cativos. Trátanse os 3 Rs mediante diferentes xogos onde se pretende que as nenas e nenos pasen un momento agradable e aprendan ao mesmo tempo. Tempos diferentes modalidades de xogos onde interiorizarán os coñecementos de separación expostos na charla inicial.

6. Análise da bolsa de lixo

Actividade na que os participantes toman conciencia da cantidade e diversidade de lixo xerado nos nosos fogares e como está nas nosas mans contribuír ou non a súa redución a través dunha separación axeitada. A actividade consiste na análise do contido da bolsa de lixo e posterior clasificación dos residuos orgánicos e inorgánicos nos contedores correspondentes.

7. Construción dun composteiro

Preténdese implantar a compostaxe nas diferentes entidades participantes.

Constrúese un composteiro con material reciclado para xestionar os residuos orgánicos.

8. Composteiro

Os que xa posúen un composteiro comprobaran o correcto funcionamento do mesmo realizando diferentes actividades como a comprobación da temperatura, humidade, presenza de impropios.... existe a posibilidade de solicitar unha exposición de compostaxe deseñada por ADEGA durante 15 días.

9. Residuos e consumo

Aquí amósase aos participantes a realidade do consumo diario, poden observar a realidade da sociedade consumista que somos e a produción de residuos que iso conveña. Chegan a ser conscientes de que con pequenos cambios nas nosas rutinas diarias pódese chegar a diminuír notablemente a cantidade de residuos xerados. Médiente un vídeo coa temática do consumo e posterior debate sobre o consumo na sociedade.

10. Ambientalización de festas e/ou eventos

Propoñemos unha serie de estratexias co obxectivo que diminúa a produción de lixo, mellorar a separación en orixe e ademais amosar a xestión dos residuos da Manc. de concellos Serra do Barbanza.

Cada obradoiro realizado consta dunha charla inicial na que explicamos en profundidade a separación na Manc. de concellos da Serra do Barbanza. Estas actividades permítenos unha gran versatilidade que podemos chegar a todo tipo de público, dende ao infantil ate o adulto, adaptando e adecuando sempre os contidos para os diferentes rangos de idade e necesidades dos participantes.

4. Difusión

Para dar a coñecer o programa “O lixo desde o teu concello” enviáronse circulares informativas e dous folletos (Anexo V) con todos os bloques temáticos das actividades aos centros de ensino, concellos e outras entidades (ANPAS, asociacións, bibliotecas, ludotecas,...)

O noso reto sigue sendo aumentar a participación de público adulto nas actividades, falouse cos concellos para que envíen a información as asociacións, na maioría casos enviamos nos directamente a información as asociacións.


5. Entidades participantes

Nesta edición do programa “O lixo desde o teu concello” entidades diferentes, entre elas concellos, asociacións e centros de ensino, sendo estes últimos os máis numerosos.

Se facemos a análise da “tipoloxía das entidades participantes” con respecto ao 2021 podemos observar aumentou a participación de asociacións. Este ano fixemos obradoiros no campamento municipal de Esteiro e Rois. Mantemos as actividades nas asociacións que empezamos a ano pasado. Os centros de ensino seguen a ser os principais receptores das nosas actividades.

5.1. Centros de ensino

Este ano a participación dos IES aumento con respecto ao ano 2021 tendo agora un 15% de participación no programa. Este ano animáronse máis centros de ensinanza infantil, cousa que tamén creemos que é importante, xa que estamos creando hábitos nos máis pequenos que interiorizarán e realizarán na súa vida cotiá.



Os **centros de ensino** que participaron no programa foron os seguintes:

- IES de Brión
- CEIP Plurilingüe de Carnota
- CEIP Pumar de Urdilde
- EEI dos Anxeles
- CEIP o Campanario
- EEI de Tal
- CEIP Ramón Artaza
- CEIP de Louro
- IES Camilo Jose Cela
- CEIP de Portosin
- CEIP Ricardo Tobio
- CEIP de Barouta
-

5.2. Concellos e outras entidades

Este ano a participación por parte dos concellos mantívose, incluso participaron algunha ANPA que estaba interesada neste tema.

Os concellos e outras entidades que participaron son os que seguen:

- Noia Limpa (Noia).
- ANPA de Carnota
- Biblioteca de Esteiro
- Grupo Scout Chan

6. Caracterización das actividades realizadas


6.1 Tipo de actividades



O obradoiro máis solicitado foi de novo o de “Fabricando cousas con Residuos” , esta actividade resulta moi versátil e adaptable a todas idades, como comentamos no bloque de actividades, ampliamos o rango de cousas que se poden facer neste obradoiro adaptándonos tanto os requirimentos dos solicitantes como as idades do público participante. Tamén se oferta facer materiais para as diferentes festividades, mais respectuosos co medio ambiente.

O seguinte máis solicitado foi o “Reciclaxe de Papel” , este ano nos centros de ensino centráronse moito na recuperación de materiais e as diferentes maneiras de recuperalo por ese mesmo motivo solicitaron este obradoiro, para que o alumnado puidera ver de primeira man o que ocorría no contedor azul se separaban esa fracción correctamente.

6.2 Actividades por concellos



Durante o 2022 participaron 8 dos 9 concellos pertencentes a Manc. da Serra do Barbanza.

Este ano o concello que non participou foi o de Lousame e conseguimos que persoas pertencentes a Pontecesures se formasen. Pontecesures ten un gran problema xa que están moi perto de Padrón que funciona co modelo SOGAMA. A rapazada de Pontecesures vai ao instituto que se atopa en Padrón onde comezan a ter moitas confusión sobre o sistema de separación de residuos, por iso foi moi importante dar ese obradoiros.

7. Avaliación do programa e actividades

A avaliación das actividades do Programa de Educación Activa foi realizada polos titores/as ou coordinadores/as de grupo ó remate das mesmas. A través dunha enquisa valoráronse os contidos e os medios empregados da actividade así como a recollida de suxestións cara a súa mellora.

A enquisa (**Anexo III**) consta de 3 apartados. No primeiro recóllense os datos referentes ao tipo de actividades, título, data de realización, hora, curso, nº de alumnos/as, integración da actividade na programación escolar, se ten carácter puntual ou complementario e a vontade de realizar ou non algunha actividade semellante no vindeiro curso o carácter da mesma, ou un obradoiro para complementar o que se está impartir nalgunhas das materias.


O segundo apartado fai unha valoración global da actividade, onde se pregunta sobre os contidos, o traballo da equipa de educación ambiental e os medios empregados. A valoración que poden facer vai dende “moi bos” ate “moi malos”.

No terceiro apartado recóllense as suxestións cara a mellora das actividades e do Programa de Acción Educativa así como as aportadas polos participantes.

A continuación resúmense os datos extraídos das enquisas recollidas e dos comentarios realizados polos participantes no momento de realizar a actividade.

7.1 Primeira parte

O primeiro apartado da enquisa valora o **carácter da actividade** realizada e amósamos que o 33% das actividades realizadas foron de carácter puntual e o 57 % complementarias a materias como coñecemento do medio e ciencias naturais. Soamente un 17% non responderon a pregunta.



En canto a se **volverían a realizar a actividade** a totalidade de responsables responderon **afirmativamente**.

Algúns dos comentarios recollidos foron:


- As actividades son moi didácticas
- Aprendemos cousas novas
- A temática é interesante e necesaria para a formación do alumnado

- Resultou divertida para os nenos
- É motivadora, interesante e concienciadora.

7.2 Segunda parte

O segundo apartado da enquisa recolle as valoracións das persoas responsables da actividade sobre os contidos, o traballo das educadoras e os medios empregados. A escala da valoración vai desde “moi bo” ata “moi malo”.

A **valoración global** da actividade foi catalogada como “moi boa” polo 80% das persoas responsables da actividade e 20% como “boa”. Non aparece ningunha valoración “regular”, “mala” nin “moi mala”.




Podemos destacar como comentarios os seguintes:

- Amena e interactiva
- Moi entretida e dinámica
- Tanto a charla como o resto da actividade estivo adaptada ao alumnado.

A **valoración dos contidos** segue a mesma tendencia, un 76 % das persoas responsables da actividade considerárona “moi boa” e un 24% “boa”. Non aparece ningunha valoración “regular”, nin “mala” nin “moi mala”.



En canto **valoración do traballo dos educadores** o 88% do profesorado tivo “moi boa” valoración dos educadores e un 12% “boa” non sinalando ningunha máis baixa.




Podemos destacar como comentarios os seguintes:

- Mi amable e resolveu todas a dúbidas.
- Paciente, bo trato cos nenos e nenas que a estas idade é complexo manter a atención

- Moita claridade e conexión cos nen@s
- Realizaron a tarefa a perfección

A **valoración dos medios empregados** foi “moi boa” nun 70%, “boa” nun 28% e un 2% regular, non obtivemos respostas como “mala” ou “moi mala”.




A valoración de regular foi obtida xa que agora nos centros de ensino demandada presentación power point que foi creada para os diferentes obradoiros, pero nese centro de ensino non funcionaba o proxector polo que non se puido poñer.

7.3 Terceira parte

O terceiro apartado da enquisa pretende recoller as suxestións e propostas das persoas responsables sobre as actividades e o programa do Plan de Educación Ambiental co fin de facer melloras en futuras edicións.

Sobre as propostas dadas sobre a **mellora do programa** o 36% do profesorado non contesta, mentres que outro 8% do profesorado aumentarían o número de actividades por centro e un 4% incluírían outras actividades que se ofertan aos centros de ensino.



Como comentarios destácase:

- Incluir actividades de horta
- Visitas ao medio natural

8. Conclusión

Como anos anteriores o noso compromiso segue sendo divulgar unha xestión sostible e respectuosa co medio ambiente empregando as diferentes actividades de educación ambiental. A noso principal obxectivo é concienciar a veciñanza da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza sobre a necesidade de redución, reutilización e reciclaxe dos residuos xerados na casa.

En canto as avaliacións en xeral son moi positivas, as entidades coas que traballamos normalmente volven a solicitar actividades. Resúltanos difícil contactar con asociacións novas e facer actividades en concellos onde o interese neste proxecto é escaso.

Alén diso consideramos imprescindible aumentar o número de obradoiros para dar cabida a todas as solicitudes, e ampliar o público, sobre todo persoas adultas, para chegar a toda a cidadanía.

Estas e outras suxestións desenvólense no **Plan de mellora do Programa de Educación ambiental para o Convenio 2022 (Anexo II)**.

9. Equipa de traballo

O deseño e posta en marcha das actividades de educación ambiental do Programa de Acción Educativa “O lixo desde o teu concello” foron desenvolvidas por un equipo multidisciplinar de educadores ambientais .

Coordinación:

Itziar Díaz Feijóo. Licenciada en Bioloxía e Educadora Ambiental

Equipa de Traballo:

Francisco Bañobre González. Licenciado en Bioloxía e Educador Ambiental

Ramsés Pérez Rodríguez. Pedagogo e Educador Ambiental.

María Amigo Regueiro. Graduada en Bioloxía e Educadora Ambiental

ANEXOS.

Anexo I. Cadro de actividades.....	19-21
Anexo II. Mellora do programa de E.A.	22
Anexo III - Modelo de Avaliación.....	23-25
Anexo IV – Táboa quilometraxe.....	26
Anexo V – Folletos informativos.....	27-28
Anexo IV. Notas de prensa.....	29-30
Anexo V. Fotos das actividades.....	31-34

Anexo I. Cadro de actividades

	Data (2022)	Lugar	Concello	Obradoiro	Curso/idade	Nº participantes
1	26/02/22	Noia	Noia	“Charla separación+ actividade recollida e cabichas”	Variada	17
2	15/03/22	CEIP de Brión	Brión	“Ecoauditoría”	14-16	6
3	15/03/22	CEIP de Brión	Brión	“Ecoauditoría”	14-16	6
4	16/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Xogos do lixo”	5 anos	20
5	16/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Reciclaxe de papel”	10-11	18
6	16/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Xogos do lixo”	6 anos	15
7	16/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Fabricando cousas con residuos”	9-10	10
8	17/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Substituíndo tóxicos no fogar”	9-10	10
9	17/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Os xogos do lixo”	4 anos	10
10	17/03/22	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	“Fabricando cousas con residuos”	6 anos	16
11	19/03/22	Noia Limpa	Noia	“Charla + Limpeza de Praia”	Variada	25
12	23/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Os xogos do lixo”	6-7	7
13	23/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Os xogos do lixo”	7-8	14
14	23/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Os xogos do lixo”	3-6	25
15	24/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Substituíndo tóxicos no fogar”	10-11	9
16	24/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Fabricando cousas novas con residuos”	9-10	18
17	24/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Fabricando cousas novas con residuos”	8-9	15
18	24/03/22	CEIP Pumar de Urdilde	Rois	“Reciclaxe de papel”	11-12	6
19	29/03/22	EEl dos Anxeles	Brión	“Reciclaxe de papel”	4-5	9
20	29/03/22	EEl dos Anxeles	Brión	“Reciclaxe de papel”	3-6	18
21	29/03/22	EEl dos Anxeles	Brión	“Reciclaxe de papel”	3-4	17

22	29/03/22	EEI dos Anxeles	Brión	“Reciclaxe de papel”	3-6	20
23	05/04/22	CEIP O Capanario	Porto do Son	“Reciclaxe de papel”	3-8	20
24	05/04/22	CEIP O Capanario	Porto do Son	“Reciclaxe de papel”	8-12	23
25	19/05/22	ANPA Carnota	Carnota	“Substituíndo tóxicos no fogar”	Variada	6
26	19/05/22	ANPA Carnota	Carnota	“Substituíndo tóxicos no fogar”	Variada	6
27	21/04/22	EEI de Tal	Muros	“Os Xogos do lixo”	3-6	6
28	21/04/22	EEI de Tal	Muros	“Fabricando cousas novas con residuos”	3-6	6
29	25/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Os Xogos do Lixo”	7-8	14
30	25/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Os xogo do lixo”	7-8	16
31	25/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Substituíndo tóxicos no fogar”	9-10	32
32	25/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Fabricando Cousas Novas con Residuos”	6-7	15
33	27/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Fabricando Cousas Novas con Residuos”	6-7	15
34	27/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Os xogo do lixo”	7-8	16
35	27/04/22	CEIP Ramón Artaza	Muros	“Os xogo do lixo”	7-8	12
36	27/04/22	Biblioteca de Esteiro	Muros	“Os xogo do lixo”	Variada	16
37	11/05/22	Biblioteca de Esteiro	Muros	“Fabricando Cousas con Residuos”	Variada	20
38	18/05/22	Biblioteca de Esteiro	Muros	“Fabricando cousas con residuos”	Variada	16
39	24/05/22	CEIP de Louro	Muros	“Os xogo do lixo”	3-10	18
40	24/05/22	CEIP de Louro	Muros	“Reciclaxe de papel”	3-10	18
41	24/05/22	CEIP de Louro	Muros	“Os xogos do lixo”	10-16	24
42	24/05/22	CEIP de Louro	Muros	“Fabricando cousas con residuos”	10-16	24
43	02/06/22	EEI de Muros	Muros	“Xogos do lixo”	3-6	28
44	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Ecoauditoría”	13-14	32
45	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Ecoauditoría”	13-14	32
46	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	12-13	24
47	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	12-13	22
48	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	16-17	9
49	09/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	16-17	16
50	17/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Ecoauditoría”	13-14	32
51	17/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Substituíndo tóxicos no fogar”	15-16	20
52	17/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Substituíndo tóxicos no fogar”	15-16	22
53	17/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	14-15	13
54	17/06/22	IES Camilo Jose Cela	Pontecesures	“Obradoiro de Consumo”	14-15	15
55	30/07/22	Noia Limpá	Noia	“Reciclaxe de papel”	Variada	15
56	15/10/2022	Scout Chan	Portosin	“limpeza de praias e charla”	Variada	40

57	25/10/2022	CEIP de Portosin	Portosin	“Fabricando composteiro”	un	Variada	30
58	01/12/2022	CEIP Ricardo Tobio	Muros	“Reciclaxe de papel”		3-6	12
59	01/12/2022	CEIP Ricardo Tobio	Muros	“Reciclaxe de papel”		3-6	11
60	01/12/2022	CEIP Ricardo Tobio	Muros	“Reciclaxe de papel”		3-6	11
61	01/12/2022	CEIP Ricardo Tobio	Muros	“Reciclaxe de papel”		6-7	21
62	01/12/2022	CEIP Ricardo Tobio	Muros	“Reciclaxe de papel”		7-8	18
63	07/12/2022	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando cousas novas con residuos”		6-7	20
64	07/12/2022	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando cousas novas con residuos”		7-8	18
65	07/12/2022	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando cousas novas con residuos”		8-9	16
66	07/12/2022	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando cousas novas con residuos”		9-10	25

Anexo II. Mellora do programa de E.A.

Aumento do número de actividades

Un ano máis dende ADEGA consideramos imprescindible aumentar o número de actividades como se mantivo ata 2012. Isto é o dobre de obradoiros que na actualidade. Realizando 120 actividades permitiría que tódolos grupos solicitantes tiveran cabida no programa.

Ambientalización de festas e/ou eventos

Temos que darlle un novo enfoque a esta actividade. É necesaria xa que nas festas locais é onde se xera máis lixo pero as comisións de festas non soen ser partidarias de este tipo de actividades.

Oferta de outras actividades

Dende ADEGA estamos a observar que hai moita demanda de certas actividades como limpeza de ríos, praias e outros lugares. Parécenos importante a realización de estas actividades xa que moita xente non sabe ben onde depositar o lixo recollido nos colectores adecuados. Polo que tratamos dúas cousas importantes con este tipo de actividades: a separación correcta en orixe e a problemática do lixo nas áreas naturais polos malos hábitos da cidadanía.

Anexo III - Modelo de Avaliación

(Avaliacións cubertas en documentación adxunta)

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA “ O Lixo desde o teu concello”

ADEGA - Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza

¡Axúdanos a mellorar!

Tipo de actividade:

Charla Obradoiro

Título:.....

Data de realización:.....

Horario:.....

Curso/grupo:.....Nº participantes:.....

Ten carácter puntal ou complementario.....

Volvería realizar esta ou outra actividade semellante neste ou noutros grupos ou en anos

vindeiros,

Si, porque.....

Non, porque

A valoración global da actividade é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración dos contidos tratados na actividade son:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración do traballo realizado polos educadores ambientais é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración sobre os medios empregados (expositivos, material didáctico...), é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

Suxestións:

-Para mellorar o Programa de Educación Ambiental

engadir outros bloques (por exemplo:.....)

incluír outras actividades (p.e:.....)

aumentar o número de actividades que se poden realizar en cada centro ou entidade

mellorar a comunicación entre a entidade organizadora e a coordinación do Programa (p.e:.....)

facilitar con maior antelación a data de realización da actividade

-Para mellorar a actividade realizada

utilizar outros recursos, cales.....

aplicar outra metodoloxía, cal.....

mellorar a formación das/os educadoras/es

mellorar os contidos

-Outras
suxestións,.....

.....

.....

.....

NOME DA ENTIDADE

.....

ENTIDADE RESPONSABLE QUE PARTICIPOU NA ACTIVIDADE

.....

.....

Sinatura do/a Responsable do/a Centro/Entidade e/ou selo

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Avenida Castelao nº20 - Baixo 15704

Santiago de Compostela - A Coruña

Tlf : 981 57 00 99

residuos@adega.gal

Anexo IV - Visitas e quilometraxe realizado durante o Programa

Táboa da quilometraxe - Convenio 2022

Concello	Qm ida/volta	Nº de visitas	Total Qm
Ames	27	6	162
Brión	35	6	210
Carnota	172	9	1548
Muros	132	9	1188
Noia	72	3	216
Porto do Son	104	4	416
Rois	50	7	350
Pontecesures	59	2	118
Lousame	79	0	0
			4208
Total Qm recorridos			
Total (0,19 euros/Qm)			799,52

Anexo V – Folletos informativos

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA Serra do Barbanza

O LIXO DESDE O TEU CONCELLO

investiga

ecoauditoría de residuos
análise da bolsa do lixo

aprende

reciclaxe de papel
residuos e consumo
substituíndo os tóxicos no fogar
obradoiro de compostaxe
ambientalización de festas e/ou eventos

coñece

visita a planta de Lousame

disfruta

os xogos do lixo

crea

construcción dun composteiro
fabricando cousas novas con residuos



O LIXO DESDE O TEU CONCELLO

Mancomunidade de Concellos de Serra do Barbanza

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA

condicións para participar

Para participar, cada unha das propostas deberá estar acompañada por un formulario de inscrición, no que se detallará: nome e apelidos do participante, idade, dirección, teléfono, correo electrónico, etc. Os Concellos da Mancomunidade de Barbanza terán a disposición dos interesados o formulario necesario.

Desde o programa "O lixo desde o teu concello" propoñemos diferentes actividades de Educación Ambiental no Marco Comunitario de Concellos da Serra do Barbanza, co obxectivo de fomentar a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos (os 3 Rs).

As actividades de educación ambiental consisten en charlas, obradoiros (60-90 minutos), que se adaptarán ás idades dos e das participantes.

As actividades son gratuítas e para todos os públicos.

1. ecoauditoría de residuos

Actividade participativa na que se inspecciona e evalúa no ámbito da I+D+i as actividades cotidianas de todos os sectores que conciben a organización, a estrutura e a acción de entidades no ámbito da I+D+i.

• Xornada de presentación de resultados e procura de solucións para mellorar a súa práctica de residuos (D+i)

Axuda a comprender certas prácticas de residuos e a súa importancia. Fomentar a reflexión para que o teu concello poida ser máis verde.

2. reciclaxe de papel

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de papel reciclado, para o que se utilizarán materiais de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Estados avanzados para concellos e escolas que elixan participar.

3. fabricando cousas novas con residuos

Actividade orientada para reducir e reutilizar os residuos. O obxectivo é conseguir que cada veciño contribúa coa súa propia acción a reducir os residuos e a reutilizar os materiais que se producen no día a día.

• Xornada de presentación de resultados e procura de solucións para mellorar a súa práctica de residuos (D+i)

Axuda a comprender certas prácticas de residuos e a súa importancia. Fomentar a reflexión para que o teu concello poida ser máis verde.

4. substituindo os tóxicos no fogar

Na vida cotiá utilizamos moitos produtos para a limpeza que non son realmente ecolóxicos. Nesta actividade aprenderás a substituílos por produtos ecolóxicos e naturais, como vinagre, bicarbonato, etc. Para a realización desta actividade, necesitarás un produto ecolóxico para a limpeza.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

5. xogos de lixo

Durante as charlas, xogos ou 3 Rs, aprenderás diferentes xogos que se utilizarán para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

6. análise da bolsa de lixo

Actividade na que se analiza o contido das bolsas de lixo para determinar a súa composición e a súa importancia para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

7. construción dun composteiro

Obxectivo: Construción dun composteiro para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

8. obradoiro de compostaxe

Obxectivo: Construción dun composteiro para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

9. residuos e consumo

Actividade orientada para reducir e reutilizar os residuos. O obxectivo é conseguir que cada veciño contribúa coa súa propia acción a reducir os residuos e a reutilizar os materiais que se producen no día a día.

• Xornada de presentación de resultados e procura de solucións para mellorar a súa práctica de residuos (D+i)

Axuda a comprender certas prácticas de residuos e a súa importancia. Fomentar a reflexión para que o teu concello poida ser máis verde.

10. ambientalización de festas e/ou eventos

Obxectivo: Ambientalización de festas e/ou eventos para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

11. visita a planta de Louzane

Obxectivo: Visita a planta de Louzane para a realización de actividades de educación ambiental. Os xogos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

Cada participante recibirá un artigo, fabricado a partir de residuos de oficina e de casa. Os artigos serán elaborados a partir de residuos de oficina e de casa. No obxectivo de facer chegar a importancia da reciclaxe para os concellos, a Serra e a escola.

solicituds de obradoiros

ABAGA
Travesía de Basoufíns, 3 baixo
13704 - Santiago de Compostela
961 270 099
relacion@abaga.gal

solicituds de visitas e plantas

Marta Quinteiro Domínguez
RCC 2 A
Rúa do Suro, 50
13712 - Louzane
A Coruña
961 395 546 / 628 226 446
martaquintero@rcc2a.com
www.cmcrcorunha.com/gal/visitacoe-vdtao-gal02a/

Anexo IV. Notas de prensa

INICIO	ORGANIZACIÓN	NOVAS	AXENDA	ÁREAS TEMÁTICAS	PROXECTOS	CAMPAÑAS	MULTIMEDIA	PASA Á ACCIÓN
--------	--------------	-------	--------	-----------------	-----------	----------	------------	---------------

Inicio / Novas / Todas / ADEGA e Noia Limpa realizarán unha recollida de...

25-02-2022

ADEGA e Noia Limpa realizarán unha recollida de cabichas para concienciar sobre este tipo de contaminación

A iniciativa está encadrada dentro do programa ambiental "O lixo desde o teu Concello", promovido polo Complexo Medioambiental da Mancomunidade da Serra do Barbanza

O obxectivo será concienciar sobre o impacto que este tipo de residuo ten sobre o medio ambiente, xa que hoxe en día, as cabichas, logo dos plásticos, son uns dos refugallos máis abundantes e contaminantes da nosa contorna.

As cabichas teñen un impacto significativo sobre a auga por conter elementos químicos e metais pesados. A súa incidencia contaminante é maior ou menor dependendo de se é auga doce ou salgada, do tipo de ecosistema no que fosen depositadas ou de se as augas son estancas ou están en movemento. Hai estudos que estiman que nun charco onde non hai renovación hídrica, os compoñentes químicos dunha única cabicha poden chegar a contaminar 10 litros de auga, ademais de que os restos plásticos do filtro da cabicha perdurarán milleiros de anos na auga, podendo mesmo ser ingeridos por aves ou animais acuáticos. Os restos plásticos non desaparecen, senón que se degradan en partículas cada vez máis pequenas (microplásticos).

Desde ADEGA, observamos que a prohibición de fumar en terrazas por mor da Covid-19 favoreceu que este tipo de residuo acadase maior presenza en chans e lugares afastados das zonas de ocio ou habitualmente concorridas polas persoas. Ante a falta de cinceiros, algunhas persoas optan por tirar os restos dos cigarros ao chan, un acto totalmente incívico e antiecolóxico.



Saída e charlas

O punto de encontro das persoas voluntarias para realizar a limpeza de cabichas será a Praza do Concello de Noia e comezará ás 11:00 horas. Alí, formaranse equipos de limpeza que se dividirán en diferentes zonas da vila.

Ademais da recollida, ADEGA e a organización LimpOcean impartirán para os asistentes á Praza do Concello dúas charlas sobre esta problemática ambiental. A organización LimpOcean, moi preocupada pola problemática das cabichas e o seu impacto na contaminación mariña, entregarán uns cinceiros portátiles feitos de materiais reciclables aos participantes da xornada.

O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza colabora nesta saída organizada por ADEGA, coa participación do colectivo "Noia Limpa", a través do programa "O Lixo desde o teu Concello", destinado a concienciar esta bisbarra sobre unha correcta xestión dos residuos.

Ligazóns

- ✳ O lixo desde o teu Concello

elCorreoGallego

Declarada a 'guerra' ás cabichas na vila noiesá

Noia Limpa organiza este sábado unha xornada de limpeza // Tamén haberá unha charla sobre esta problemática ambiental



Membros de Noia Limpa recolleron fai uns días 200 cabichas en menos de cen metros na localidade noiesá. Foto: NZ.

As cabichas están consideradas como un dos principais residuos a nivel mundial, xa que ademais de tardar décadas en desaparecer ou desintegrarse, adoitan rematar nos sumidoiros, chegando en moitos casos aos ríos e ao mar. Ademais, logo dos plásticos, son uns dos refugallos máis abundantes e contaminantes da contorna.

Coñecedores diso, e co obxectivo de concienciar sobre o impacto que este tipo de residuo ten sobre o medio ambiente, o colectivo Noia Limpa organiza este sábado, día 26, unha recollida de cabichas polas rúas da vila noiesá. O punto de encontro das persoas voluntarias para realizar a limpeza de cabichas será a Praza do Concello de Noia e comezará ás 11.00 horas. Alí, formaranse equipos de limpeza que se dividirán en diferentes zonas da vila.

Ademais da recollida, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) e a organización LimpOcean impartirán para os asistentes dúas charlas sobre esta problemática ambiental.

Noia Limpa liberou de lixo o areal sonense de Río Sieira



Clasificación do lixo. Foto: Dayana Del Puerto

O Son. O colectivo Noia Limpa e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega), coa colaboración do Complexo Medioambiental Serra do Barbanza a través do programa *O lixo desde o teu concello*, organizaron este sábado unha nova limpeza no areal de Río Sieira, no concello de Porto do Son.

A xornada non puido ser máis produtiva, xa que en apenas 40 minutos retiraron da praia 44 pezas de restos de bateas, 18 tapóns, 16 anacos de corda, 14 cachos porexpán, 10 anacos grandes de plástico, 9 botellas de plástico, 9 latas, 4 mascarillas, 2 restos de boias, 1 vial de medicina inxectable, 1 cabicha, 1 gorro, 1 zapato e 1 botella vidro, entre outros residuos.

Antes da saída os voluntarios asistiron a unha charla sobre a pillara das dunas, que correu a cargo dun axente medioambiental. “A pillara das dunas é un paxaro que nesta tempada se reproduce e hai que ter especial coidado si se acode ás praias nas que aniña, xa que se considera que en Galicia está en perigo de extinción debido á alteración do seu hábitat”, explicou aos presentes.

Anexo V. Fotos das actividades









❖ Cada ano resulta máis difícil a hora de realizar fotografías nos centros de ensinanza xa que moitos pais non da permiso polo que cando é así non realizamos fotos para evitar futuros problemas.



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental

adega@adega.gal
www.adega.gal